

## FICHA TÉCNICA DO “PROGRAMA EDUCATIVO DE DINAMIZACIÓN NAS TIC PARA ALUMNADO DE 3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA: TIC-TAC”

### 1 QUE É?

**TIC-TAC** é un proxecto de dinamización e apoio educativo aos centros escolares no ámbito das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, mediante un Obradoiro onde se poñen en práctica distintas Técnicas Audiovisuais dun xeito práctico e lúdico.

A misión específica é producir pequenas pezas en vídeo en torno a un tema previamente decidido (neste caso o “Camión de Santiago”), empregando diversas técnicas audiovisuais e ferramentas informáticas convencionais e gratuítas.

Ademais das prácticas, unha serie de fichas temáticas axudan a comprender os conceptos chave da linguaxe audiovisual a modo de reforzo teórico.

Está orientado a participación do alumnado do 3º ciclo de educación primaria (de 10 a 12 anos), máximo un grupo-aula de 25 escolares.

### 2 QUEN O DESENVOLVE?

O equipo profesional responsable deste proxecto procede dos ámbitos da comunicación e o sector audiovisual e o desenvolvemento de contidos multimedia orientados ao ensino.

Imaxe Nova de Comunicación S.L. é unha empresa adicada á realización de proxectos que van desde as publicacións corporativas ao desenvolvemento de accións de comunicación específicas para institucións.

Alén Multimedia S.L.L. é unha empresa para o desenrolo de contidos multimedia e xestión de soportes online con moi distintas aplicacións, pero que ten desenvolvido parte da súa actividade en ámbitos educativos.

Xabier Viana Tomé, responsable e director do proxecto, desenvolve a súa actividade profesional no sector audiovisual e ten orientada a súa formación cara o campo educativo, a través de cursos específicos sobre ferramentas multimedia para educación, internet, etc.

O obradoiro está a cargo dun monitor, responsable das tarefas didácticas e que realiza as diversas funcións de dinamizador cando se trata de utilizar recursos audiovisuais.

### 3 CANTO DURA?

A duración prevista da formación presencial é de 20 horas, nas 10 semanas que abarca o período comprendido entre a segunda quincena de marzo ata o 31 de maio, cunha estimación de 1 sesión semanal teórico-práctica de 1:30 a 2 horas aprox. de duración no marco do horario lectivo escolar. O calendario de aplicación será previamente consensuado co docente coordinador do centro escolar.

O programa lectivo abordará unha fase de preparativos e creación plástica con materiais analóxicos, unha segunda de produción e procesado de materiais dixitais, e unha última de edición, postprodución e publicación do material elaborado.

### 4 QUE REQUISITOS DEBEN REUNIR OS CENTROS ?

4.1 Cómpre que o centro dispoña de alomenos os seguintes Recursos Materiais necesarios para a impartición deste obradoiro audiovisual, segundo calendario previamente consensuado:

- Disponibilidade de Aula de Informática e espazo para actividades plásticas (pintura, modelado).

-Disponibilidade de Equipamento informático para cada sesión: ordenadores multimedia (micro e alt falantes), escáner, impresora, cámara de vídeo-fotografía ou webcam, trípode, proxector multimedia e pantalla.

-Material de Plástica: debuxo, modelado (plastilina ou similar), accesorios recortar.

-Software a empregar: Utilizarase en todos os casos ferramentas informáticas básicas ou gratuítas, que han ser cargadas nos equipos dispoñibles:

- programas integrados nos propios sistemas operativos (caso do programa de edición de vídeo Windows Movie Maker de Microsoft)
- paquetes ofimáticos estándar (programas como Word o Power Point de Microsoft Office)
- software libre (ferramentas para elaboración de contidos educativos, ou programas gratuítos de entretemento multimedia con interese pedagóxico: editor gráfico GIMP, editor de audio AUDACITY, programa de animación MONKEY JAM, AnimatorDV, etc.).

4.2. Será consensuado co docente coordinador unha Proposta de Contidos, que propoñemos centrar ao redor do “Camiño de Santiago”.

4.3. Cómpre designar un/ha Coordinador/a docente do programa por centro, para axudar na loxística organizativa da iniciativa didáctica, e facilitar todas as necesidades de comunicación cos responsables da impartición do obradoiro audiovisual.